



## Presentación do científico David Glowacki



07.06.2022



11:00 – 11:50H



STREAMING E CENTRO GAIÁSTECH

### Cal é o programa?

- › Ao final do Camiño, o CiTIUS' (proxección vídeo de presentación David Glowacki)
- › Benvida e presentación de autoridades (Senén Barro, Director Científico do CiTIUS)
- › Intervención de Dona Patricia Argerey, Directora da GAIN (Axencia Galega de Innovación)
- › Intervención de D. Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC)
- › Charla e demostración tecnolóxica do novo ERC, experto en Realidade Virtual e Aumentada (David Glowacki, investigador ERC Consolidator Grant do CiTIUS contratado a través do programa Oportunius).
- › Rolda de preguntas e peche do acto

### Cando e onde?

07 de xuño de 2022

De 11:00 a 11:50H

- › **Presencial:** Centro GaiásTech (Edificio Centro de Emprendemento Creativo (CEM), Monte Gaiás, s/n, 15707 Santiago de Compostela)
- › **Streaming**

### Quen imparte?

**David Glowacki** é o fundador do grupo de investigación 'Laboratorio de Realidades Intanxibles' (IRL, polas súas siglas en inglés), que a partir de agora terá a súa sede no CiTIUS. Glowacki ten traballado amplamente na aplicación da Realidade Virtual á simulación e visualización científica interactiva. As súas achegas científicas dan fe da súa versatilidade: ten publicado en ámbitos tan distintos como a física molecular de non-equilibrio, a dinámica clásica e cuántica, a bioquímica computacional, a interacción persoa-ordenador, a computación de alto rendemento, os gráficos por computador, os algoritmos evolutivos, a aprendizaxe automática e a ciencia de datos, a estética dixital, a arte computacional interactiva, a relixión e o poder, a teoría cultural, a óptica ou o desenvolvemento de instrumentos científicos.

Inscríbete!

